



Residente en Berlín, o poeta, ensaísta, editor e tradutor **Jan Wagner** (Hamburgo, 1971) está traducido a máis de trinta linguas e é membro da Academia Alemá de Lingua e Literatura. Ten publicados sete libros de poesía dende 2001, o último dos cales leva por título *Die Live Butterfly Show* (2018). Unha antoloxía persoal da súa obra de 2001 a 2015 foi publicada pola editorial Hanser en 2016, a súa poesía escollida en inglés publicouse no Reino Unido en 2015 co título *Autorretrato cun enxame de abellas*, e outra saíu nos Estados Unidos en 2017. Autor en residencia na Academia Alemá en Roma ou na Villa Aurora (Os Ánxeles, California), entre os seus galardóns salientan o Anna Seghers, o Ernst Meister de Poesía, o Premio da Feira do Libro de Leipzig, o Friedrich Hölderlin, o Mörike, o Premio Internacional de Poesía Zhongkun e o Georg Büchner.

Como editor, e a carón de Björn Kuhligk, en 2003 preparara a antoloxía completa dos poetas alemáns/ás mozos/as *Poesía de hoxe*. 74 voces, que tivo en 2008 unha nova secuela con cincuenta novas plumas. Ademais, unha selección dos seus ensaios sobre poesía viron a luz en 2011: *O sándalo do profeta. Prosa incidental*, e outro volume de ensaios fíxoo en 2017: *O cuarto pechado. Prosa incidental*. Ademais, traduciu autores anglo-americanos como Charles Simic, James Tate, Simon Armitage ou Matthew Sweeney entre moitos outros.

ENSAIO SOBRE OS MOSQUITOS

*coma se de súpeto todas as letras
se tivesen desprendido do xornal
e flotasen coma un enxame no aire;*

*flotan coma un enxame no aire,
de todas as malas novas non traen
ningunha, musas escasas, enxoitos*

*pegasos, zosan só no seu propio ouvido;
xestados a partir do último fío
de fume cando a candeia se apaga,*

*tan leves, que apenas pode dicirse que son,
parecen case coma sombras
guindadas dende outro mundo*

*para apareceren no noso; bailan
as súas patas, máis finas ca debuxadas
a lapis; minúsculos corpos de esfínxe:*

a pedra de roseta, sen a pedra.

←
(JAN
WAGNER)
Luns **15** de abril
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

**POETAS
DI(n)VERSOS** 2019
Helena de Carlos

 CORUÑA
PROXIMA



Helena de Carlos naceu en 1964 no que fora o Lugar da Barca, logo Barbantes (Cenlle), pero viviu dende moi nena en Vigo. Alí criouse, formouse e tamén comezou a escribir. Para entrar na Universidade trasladouse a Santiago de Compostela, e alí segue a residir, por moito que tamén o fixese –durante dous anos e ao fío da súa carreira investigadora– en Florencia, por moito que tamén desenvolvese estadias de investigación en Múnic e Lisboa, ou por moito que teime en recuncar sempre entre Marín e Bueu.

Doutorouse en Filoloxía Clásica pola mesma universidade na que continúa a exercer como profesora titular de latín, e publicou e publica traballos relativos á que é a súa especialidade: a literatura antiga e medieval escrita en lingua latina.

Poeta magnificamente considerada pola crítica, publicou até o de agora catro libros de poesía, ademais doutros poemas soltos e algún relato en revistas literarias como Dorna, Ólisbos, Nordés, Festa da palabra silenciada ou Alquimia. Deuse a coñecer nos anos noventa co iniciático *Alta Casa* (1996). Seguiríanlle *1999* (2001) e, máis tarde, *Aracne 3* (2006) e *Vigo* (2007), que acadou o Premio da Crítica Española ao mellor poemario galego daquel ano.

*Cando os reloxos despregan os brazos
o tempo envorca no abismo.*

*Teño cincuenta e un anos
e sei nadar:*

é propio da miña tribo.

Meu pai chámase Miño,

miña nai é linfa,

eu mesma enxendrei unha filla

-ten o fémur dunha fada,

é rica en escamas-

Cando nos vemos debaixo da auga

saudámonos con afecto

e con certa distancia.

Con todo, non amo os ríos,

son deuses grises e arbitrarios.

Prefiro velos ao lonxe,

metidos nos mapas,

menos dados a excesos,

xogando ás fronteiras.

Cando se salta un ano alén da liña

toda precaución

semella pouca.



(HELENA DE CARLOS)

Luns **15** de abril
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2019



CORUÑA
PROXIMA

Jan Wagner